



**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DIA VINTE E OITO DE XULLO DE DOUS MIL ONCE**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García, (PS de G-PSOE)
D.. Jesús Antonio Fernández Cal , (PS de G-PSOE)
D^a. M^a.Isabel Rodríguez López , (PS de G-PSOE)
D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, (PS de G-PSOE)
D^a. Covadonga Viamonte Aguiar, (PS de G-PSOE)
D. Cesar Aja Mariño, (P.P.)
D. Jaime Eduardo de Olano Vela,(P.P.)
D^a. M^a.del Carmen Gueimunde Gonzalez,(P.P.)
D^a. Cándida Mendez Salgado, (P.P.)
D. Celestino Valentín García Paz, (P.P.)
D. Antonio José Bouza Rodil,(P.P)
D. Bernardo José Fraga Galdo (B.N.G.)
D^a. Olaia Casas Chaves (B.N.G.)
D. Manuel Galdo Dopico (B.N.G.)
D. Guillermo Leal Arias (IVI)
D. Jesús Fernández Fernández (IVI)

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D^a.M^a.Fátima Moar Rivera

INTERVENTOR:

D..Fidel García Martúl

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e oito de xuño de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr.Alcalde. D.Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D^a. Fátima Moar Rivera, que substitúe, e coa asistencia do Sr. Interventor , D. Fidel García Martúl, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública polo Sr.Alcalde-Presidente á hora indicada, previa comprobación pola Sr^a.Secretaria do quórum de asistencia legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e



Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia procede ao tratameto dos asuntos contidos na Orde do día:

1º.- APROBACION SE PROCEDE DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO DIA 23 DE XULLO DO 2011.-

Polo Sr. Alcalde pregúntaselle aos Srs. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 23 de xuño de 2011, tendo en conta que a totalidade dos membros da Corporación recibiu fotocopia do borrador da acta correspondente a esta sesión, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Producíndose unicamente a intervención do Tenente de Alcalde do BNG, D. Bernardo José Fraga Galdo, quen dí que hai un erro mecanográfico na páxina 4, onde dí miores, debe dicir maiores.

Non se producen máis intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aprobar dita acta do 23.07.2011.

2º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DE MODIFICACIÓN DA BASE 12 DAS BASES DE EXECUCION DO PRESUPUESTO MUNICIPAL.

Polo Sr. Alcalde dáse conta ó Concello Pleno do expediente para a aprobación provisional de modificación da base 12 das bases de execucion do Presupuesto Municipal, que se dictaminou favorablemente cunha abstención na Comisión Informativa de Economía e Facenda, celebrada o día 28.07.2011, e continúa dando lectura da seguinte proposta que copida literalmente di:

“Asunto: Modificación da Base 12 das Bases de Execución do Presupuesto municipal correspondente ó exercizo de 2008 actualmente prorrogado.

Na Base 12 dícese o seguinte: BASE 12. CREDITOS AMPLIABLES

“Terán natureza de créditos ampliables os financiados con recursos expresamente afectados, excepto os procedentes de operacións de crédito. Consonte ao disposto no artigo 39.1 do Real Decreto 500/1990.

No caso de ter previsión inicial os conceptos de ingresos afectados e se produxesen maiores dereitos poderíase ampliar crédito na partida de gastos ampliable.

As partidas ampliables que de forma expresa e taxativa se regulan nas presentes bases e os medios ou recursos expresamente afectados son os seguintes:

Partida gastos	Nueva aplicación presupuestaria	Denominación	Concepto	Denominación
121.22 608	920.22608	Indemnización por danos producidos polos servicios municipais	39912	Ingresos Reclamaciones de daños por siniestros



314-831	211.831	Préstamos para compra de inmuebles ou mobles ó persoal municipal	831	Reintegro de Préstamos ó persoal
441.1	161.1	Gastos de Persoal de Abastecemento de auga	39906	Ingresos Persoal ó Servicio do Concesionario
441-22709	161.22709	Xestión da Concesión do Servicio Público de Abastecemento de Auga e Saneamento	31008	Taxa Saneamento e Depuración de Augas
		Auga e Saneamento	31017	Taxa Abastecemento de Auga
442-1	162.1	Gastos de Persoal de Recollida de Lixo	39907	Ingresos Persoal que Preste Servicio o Concesionario
446-1	169.1	Gastos de Persoal de Matadoiro	39908	Ingresos persoal que preste servicio o concesionario
45102-22709	33002.22709	Actividades no Teatro Pastor Díaz	39900	Ingresos por Taquilla Teatro Pastor Diaz
513-22600	440.20900	Canon de Instalacións náutico-deportivas	39905	Ingresos Xestión Porto Deportivo
452.131	340.131	Persoal Laboral Temporal Deportes	31042	Ingresos Piscina Municipal
611-22708	934.22708	Xestión de Cobro en Voluntaria e Executiva de Tributos Municipais	130	Imposto de Actividades Economicas
			392	Recargo de Apremio
			393	Intereses de Demora

Mediante acordo do Pleno municipal de 28 de xunio de 2010 se estableceu que a partida 452.131. Persoal Laboral temporal deportes fuese ampliable por lo que los ingreso smunicipales por la gestión directa municipal por la propia entidad local, previo reconocimieto en firme de sos ingresos y contabilización conforme a la Orden EHA 3565/20008 y Orden EHA 4041/2004, podrán financiar la ampliación de créditos por gastos de ese personal.

A continuación ábrese o debate, non realizándose ningunha manifestación polos voceiros dos grupos, excepto o voceiro do IVI que dí que van votar a favor e aprobar a modificacion para que se fagan os pagos que se deben. Non producíndose mais intervencións, sométese o asunto a votación ordinaria co seguinte resultado:

Votos a favor: dezasete (17); seis (6) dos concelleiros de PSd G-PSOE; seis (6) do P.P; tres (3) do BNG; dous (2) do IVI.

A vista do resultado, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres.Concalleiros (dezasete) que, de dereito a constitúen, acorda:



PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación da base 12 das bases de execución do presuposto municipal prorrogado para o ano 2011, quedando o texto de dita Base como sigue:

“BASE 12.CREDITOS AMPLIABLES

“Terán natureza de créditos ampliáveis os financiados con recursos expresamente afectados, excepto os procedentes de operacións de crédito. Consonte ao disposto no artigo 39.1 do Real Decreto 500/1990.

No caso de ter previsión inicial os conceptos de ingresos afectados e se produxesen maiores dereitos poderíase ampliar crédito na partida de gastos ampliable.

As partidas ampliáveis que de forma expresa e taxativa se regulan nas presentes bases e o s medios ou recursos expresamente afectados son os seguintes:

Partida gastos	Nueva aplicación presupuestaria	Denominación	Concepto	Denominación
121.22 608	920.22608	Indemnización por danos producidos polos servicios municipais	39912	Ingresos Reclamaciones de danos `por siniestros
314- 831	211.831	Préstamos para compra de inmuebles ou mobles ó persoal municipal	831	Reintegro de Préstamos ó persoal
441- 22709	161.22709	Xestión da Concesión do Servicio Público de Abastecemento de Auga e Saneamento	31008	Taxa Saneamento e Depuración de Augas
			31017	Taxa Abastecemento de Auga
442-1	162.1	Gastos de Persoal de Recollida de Lixo	39907	Ingresos Persoal que Preste Servicio o Concesionario
45102- 22709	33002.2270 9	Actividades no Teatro Pastor Díaz	39900	Ingresos por Taquilla Teatro Pastor Diaz
513- 22600	440.20900	Canon de Instalacións náutico-deportivas	39905	Ingresos Xestión Porto Deportivo
452.13 1	340.131	Persoal Laboral Temporal Deportes	31042	Ingresos Piscina Municipal
611- 22708	934.22708	Xestión de Cobro en Voluntaria e Executiva de Tributos Municipais	130	Imposto de Actividades Economicas
			392	Recargo de Apremio
			393	Intereses de Demora



--	--	--	--	--

SEGUNDO.- Publicar este acordo polo prazo de 15 días hábiles no Boletín Oficial da Provincia a efectos da posible presentación de reclamacións polos interesados. Entendéndose definitivamente aprobado o acordo de non existir reclamacións.

TERCEIRO.- Comunicar este acordo á Intervención municipal e ós Servizos Económicos municipais aos efectos oportunos.

3º.-ADOPCION DE ACORDO PLENARIO PARA FACER FRONTE AO CUMPRIMENTO DE SENTENCIA XUDICIAL 185/2009

Polo Sr. Alcalde dáse conta ó Concello Pleno do expediente de modificación de créditos do epígrafe e da memoria xustificativa e proposta de Alcaldía referida o mesmo, que a seguir se transcribe literalmente:

“Asunto: Aprobación inicial de modificación presupuestaria para hacer frente al pago de principañ e intereses de sentencia judicial 185/2009 SUMINISTROS ESTABLECIMIENTOS REY S.L.

A lo largo del presente ejercicio, se han puesto de manifiesto necesidades que deben de hacerse frente a lo largo del presente ejercicio presupuestario:

El 16 de diciembre se remite a la Intervención municipal copia de la Sentencia 185/2009 del Juzgado de lo Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo y copia de sentencia 01041/2010 del Tribunal Superior de Justicia de Galicia.Sala de lo Contencioso Administrativo.Sección 2º.Sentencia dictada en Recurso de Apelación nº 4582/2009.

En el Fallo de la Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Galicia se desestima el recurso de apelación deducido contra la sentencia de 25 de junio de 2009 por el Juzgado de lo Contencioso Administrativo de Lugo en procedimiento ordinario 258/2008.En dicha Sentencia se condena al Ayuntamiento a abonar a la entidad mercantil recurrente, Establecimientos Rey S.L. un principal de 49.152,62 €.Esta cuantía se verá aumentada por los intereses de demora de acuerdo con la Ley General Presupuestaria (Ley 47/2003).La cuantía final dependerá del momento del pago del principal de la deuda.Se impone asimismo al Ayuntamiento las costas de la apelación, de acuerdo con la Sentencia 01041/2010 del Tribunal Superior de Justicia. Sala de lo Contencioso Administrativo.Sección 2º.

Para la realización de dichos fines, es necesario el incremento del presupuesto de gastos, no existiendo consignación presupuestaria en la vinculación jurídica correspondiente por los importes que se indican:

Partida	Descripción	Importe
450.22199	Suministros Diversos	49.152,62 Euros
Total		49.152,62 Euros

Los fondos necesarios para financiar esta operación se obtienen:
Con bajas desde las partidas que a continuación se relacionan:



Partida	Descripción	Importe
33003.22609	Gastos Diversos en Festejos Populares	49.152,62 €uros

Las señaladas partidas corresponden a proyectos de gasto que, bien no es necesaria su ejecución, bien pueden ser reducidos sus importes dado que la evolución del ejercicio y la ejecución de los proyectos y partidas nos permiten disminuir los importes indicados sin perturbación o merma en el correspondiente servicio.

Por tanto, por la presente ordeno:

Incoar el correspondiente expediente de modificación de créditos mediante crédito extraordinario núm 01/2011 con el siguiente desglose:

Partidas que incrementan		Partidas que disminuyen		
Partida	Descripción	Importe	Partida	Descripción
450.22199	Administración General de Infraestructuras, suministros Diversos	49.152,62 €uros	33003.22609	Gastos Diversos en Festejos populares
Total		49.152,62 €	49.152,62 €.	

Incorpórese el informe de la intervención municipal y todos aquellos informes que se estimen pertinentes y elévese al Pleno de la Corporación para su aprobación, previo informe de la Comisión informativa correspondiente.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde advírtese ó Concello Pleno o seguinte:

“ Estamos en presenza de “ feitos “ ocurridos entre 1998 ata maio de 2003. Esta sentenza establece que é “nulo de pleno dereito” os acordos e contratacións “verbais” que se fixeron naquel intre, por quén gobernaba nese período. Continúa dicindo o Sr. Alcalde que a sentenza declara nulos os acordos sin contratos pero, ó mesmo tempo, condena á Administración xa que non se pode enriquecer da empresa privada, e ten que pagar a débeda que ascende á cantidade de 49.152,62 €. O Sr. Alcalde manifesta igualmente que pensa que ningún goberno pode pagar algo que non ten contrato, nin acordo, nin foi aprobado con anterioridade pero, aínda que non esteñamos conforme, nembargantes hai que acatar a sentenza. Dice o Sr. Alcalde, Nosoutros non podíamos pagar ata que un xuíz o dixera pero, hai mais, para que o xuíz o dixera había que recoñecer o gasto e por iso o anterior alcalde tivo que acudir de testestemuña para recoñecer que esas obras ou suministros foron feitos ou mercados pola anterior Ccrporación, aínda que, xa digo carecíase de contrato algún. Explica que é unha batalla legal, que se intentou recurrir a sentenza por entender que non tiñamos que pagar o que non estaba contratado, pero a pesar de non estar conforme hai que acatala e temos que facer fronte ó pago de 49.152,62 €uros.

Seguidamente, toma a palabra o Concelleiro do P.P., D.Cesar Aja Mariño, dicindo que xa, polo seu grupo, co voto ponderado, manifestouse na Comisión Informativa de Economía e Facenda de data 28.07.2011 que ían aceptar esta sentenza e que ían votar a favor do pago. Sinala, así mesmo, que quer aproveitar esta ocasión para dicir o Sr. Alcalde que, como dice a Biblia... “El que esté libre de Pecado que tire la primera piedra”, e continúa dicindo, xa que quén hereda unha herdanza ou acepta con todo ou renuncia á mesma, e eiquí



estamos a falar de venta de suministros e facturas sin recoñecer pero, sinala que ocorreu, ocorre e seguirá ocorrido, e tamen dí que, xa se verá nun futuro, si hai facturas sin recoñecer e sin aprobar, xa se verá... e para rematar ven en dicir, que as facturas tanto estas coma outras, sempre se reflectían na aprobación dos presupostos e todas as facturas, tanto estas coma outras, estaban rexistradas e tíñanse en poder da intervención.

Polo Sr. Alcalde maniféstase a plena conformidade coa reflexión do Sr. Cesar Aja Mariño, pero ven en contestarlle ao Sr. Aja, que é verdade que pode haber hoxe eiquí, no Goberno actual, facturas sin recoñecer e que tamén ten que haber facturas sin aprobar, e dí que vai haber problemas de débedas, pero o que xamais atopará vostede, dícelle o Sr. Alcalde, son "apuntes" como os existentes e xamais atopará vostede sinaturas da Alcaldía dirixidas a empresas para que suministren materiais a particulares para arranxo das suas vivendas; entrega de sacos de cemento e outros arranxos de muros de contención privados. Continúa dicindo o Sr. Alcalde, que é verdade que aparecen as facturas rexistradas, como dice o Sr. Aja, pero non incluídas nos orzamentos, se non nos rexistros xerais de facturas.

Intervén seguidamente, D. Bernardo José Fraga Galdo, Tenente de Alcalde do Grupo municipal do BNG, e ven en manifestar o seu apoio á proposta da Alcaldía, e así o manifestou xa na sesión da Comisión Informativa de Economía e F, engadindo que o seu Grupo municipal do BNG, non vai a entrar a valorar de onde ven a sentenza; xa que a sentenza está eiquí e hai que acatala, polo tanto, nós vámolos aprobar e punto, aínda que haxa que amarrar o cinturón sobre todo nas festas.

Intervén D. Guillermo Leal Arias, Concelleiro do Grupo Municipal Independente de Viveiro (IVI) quén manifesta que van aprobar esta modificación xa que as sentenzas téñense que acatar e non queda outra que facer os pagos ás empresas.

O Sr. Alcalde explica que é unha batalla legal, que se intentou recorrer, pero que o Concello ten que pagala, pero puntualiza que hai que ter craro, que xa se se quedou na Comisión Informativa de Economía e Facenda, que para facer fronte a estes pagos hai que buscar a maneira e mirar si podemos facelo mediante liquidacións de pago, para iso habería que negociar cos interesados e chegar a un acordo, incluíndo os prazos e demais, segundo sexa conforme e autorice o xuíz.

Rematado o debate, e visto o informe favorable emitido pola Intervención, así como a memoria xustificativa da Alcaldía, e o dictame favorable da Comisión de Facenda, o Concello Pleno por unanimidade dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión que, de dereito a constituíen con dezasete votos a favor acorda:



1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito correspondente ó crédito extraordinario entre partidas do presuposto de gastos, co seguinte desglose, por un importe de **49.152,62 Euros**.

Partidas que Incrementan		Partidas que diminuyen		
Partida	Descripción	Importe	Partida	Descripción
450.22199	Administración General de Infraestructuras, suministros Diversos	49.152,62 Euros	33003.22609	Gastos Diversos en Festejos populares
Total		49.152,62 €	49.152,62 €.	

2.- Someter o presente acordo ó trámite de información pública por prazo de 15 días hábiles, mediante anuncios a insertar no Tableiro Municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no suposto de que no devandito prazo non se presentaran reclamacións ou alegacións, o presente acordo de aprobación inicial, entenderase elevado a definitivo.

4º.- ADOPCION DE ACORDO PLENARIO PARA FACER FRONTE AO CUMPRIMENTO DE SENTENCIA XUDICIAL 259/2010.

Polo Sr. Alcalde dáse conta ó Concello Pleno do expediente de modificación de créditos do epígrafe e da memoria xustificativa e proposta de Alcaldía referida o mesmo, que a seguir se transcribe literalmente:

“Asunto: Aprobación inicial de modificación presupuestaria para hacer frente al pago de principañ e intereses de sentencia judicial 259/2010: EXCAVACIONES ROLLE FORESTAL S.L.

A lo largo del presente ejercicio, se han puesto de manifiesto necesidades que deben de hacerse frente a los del presente ejercicio presupuestario:

El 27 de enero se remite a la intervención municipal copia de la Sentencia 259/2010 del Juzgado de lo Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo.

En dicha sentencia se condena al Ayuntamiento a abonar a al entidad mercantil recurrente, Excavaciones Rolle Forestal SL, un principal de 168.984,72 €. Esta cuantía se verá aumentada por los intereses de demora de acuerdo con la Ley General Presupuestaria (Ley 47/2003). La cuantía final dependerá del momento del pago del principal de la deuda.

Para la realización de dichos fines, es necesario el incremento del presupuesto de gastos, no existiendo consignación presupuestara en la vinculación jurídica correspondiente por los importes que se indican:

Partida	Descripción	Importe
161.609	Saneamiento, abastecimiento y distribución de	32.625



	aguas.Inversiones nuevas en infraestructuras	
179.210	Otras actuaciones relacionadas con el medio ambiente.Reparaciones infraestructuras.	33.645,20
151.22703	Urbanismo.Trabajos realizados por otras empresas.	4.431,20
162.22703	Recogida,eliminación y tratamiento de residuos Trabajos realizados por otras empresas	1.160
453.210	Carreteras.Reparaciones infraestructuras.	696
453.609	Carreteras.Otras inveriones nuevas en infraestructuras	4466
459.609	Otras infraestructuras.Otras inversiones nuevas en infraestructuras	24.609,40
454.210	Caminos.Mantenimiento de infraestructuras	754
342.210	Instalaciones deportivas.Mantenimientos de infraestructuras	3712
337.609	Ocio y tiempo libre.Otras inversiones nuevas en infraestructuras	986
459.210	Otras infraestructuras.Mantenimiento de infraestructuras	30.676,20
337223	Transportes.Ocio y tiempo libre.	846,80
338.210	Fiestas populares y festejos.Mantenimiento de infraestructuras	15585,76€
459.22199	Otras infraestructuras.Otros suministros	6084,20
151.609	Urbanismo.Otras inversiones nuevas en infraestructuras	1136,80
342.609	Instalaciones deportivas.Otras inversiones nuevas en infraestructuras	5.510
171.210	Parques y Jardines Reparaciones Infraestructuras	974,40
162.210	Recogida,eliminación y tratamiento de residuos Mantenimiento Infraestructuras	1085,76
Total		168.984,72€.

Los fondos necesarios para financiar esta operación se obtienen:

Con baja desde las partidas que a continuación se relacionan:

Partida	Descripción	Importe
33003.22609	GASTOS DIVERSOS FESTEJOS POPULARES	168.984,72 €

Las señaladas partidas corresponden a proyectos de gasto que, bien no es necesaria su ejecución, bien pueden ser reducidos sus importes dado que la evolución del ejercicio y la ejecución de los proyectos y partidas nos permiten disminuir los importes indicados sin perturbación o merma en el correspondiente servicio.

Por tanto, por la presente ordeno:

Incoar el correspondiente expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario núm 04/2011 con el desglose que se dirá.

Incorpórese el informe de la intervención municipal y todos aquellos informes que se estimen pertinentes y elévese al Pleno de la Corporación para su parobación previo informe de la Comisión informativa correspondiente.

Aberto o debate, non se producen intervencións e visto o informe favorable emitido pola Intervención, así como a memoria xustificativa da Alcaldía, e o



dictame favorable da Comisión de Economía e Facenda de data 28.07.2011, procédese á votación e o Concello Pleno por unanimidade dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión que, de dereito a constitúen, con dezasete votos a favor acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm 04/2011 correspondente ó crédito extraordinario entre partidas do presuposto de gastos, co seguinte contido:

Partida	Descripción	Importe
161.609	Saneamiento,abastecimiento y distribución de aguas.Inversiones nuevas en infraestructuras	32.625
179.210	Otras actuaciones relacionadas con el medio ambiente.Reparaciones infraestructuras.	33.645,20
151.22703	Urbanismo.Trabajos realizados por otras empresas.	4.431,20
162.22703	Recogida,eliminación y tratamiento de residuos Trabajos realizados por otras empresas	1.160
453.210	Carreteras.Reparaciones infraestructuras.	696
453.609	Carreteras.Otras inveriones nuevas en infraestructuras	4466
459.609	Otras infraestructuras.Otras inversiones nuevas en infraestructuras	24.609,40
454.210	Caminos.Mantenimiento de infraestructuras	754
342.210	Instalaciones deportivas.Mantenimientos de infraestructuras	3712
337.609	Ocio y tiempo librrre.Otras inversiones nuevas en infraestructuras	986
459.210	Otras infraestructuras.Mantenimiento de infraesctructurs	30.676,20
337223	Transportes.Ocio y tiempo libre.	846,80
338.210	Fiestas populares y festejos.Mantenimiento de infraestructuras	15585,76€
459.22199	Otras infraestructuras.Otros suministros	6084,20
151.609	Urbanismo.Otras inversiones nuevas en infraestructuras	1136,80
342.609	Instalaciones deportivas.Otras inversiones nuevas en infraestructuras	5.510
171.210	Parqus y Jardines Reparaciones Infraestructuras	974,40
162.210	Recogida,eliminación y tratamiento de residuos Mantenimiento Infraestructuras	1085,76
Total		168.984,72€.

Con baja desde las partidias que a continuación se relacionan:

Partida	Descripción	Importe
33003.22609	GASTOS DIVERSOS FESTEJOS POPULARES	168.984,72 €



2.- Someter o presente acordo ó trámite de información pública por prazo de 15 días hábiles, mediante anuncios a insertar no Tableiro Municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no suposto de que no devandito prazo non se presentaran reclamacións ou alegacións, o presente acordo de aprobación inicial, entenderase elevado a definitivo.

5º.- ADOPCION DE ACORDO PLENARIO PARA FACER FRONTE AO CUMPRIMENTO DE SENTENCIA XUDICIAL 409/2019

Polo Sr. Alcalde dase conta ó Concello Pleno do expediente de modificación de créditos do epígrafe e da memoria xustificativa e proposta de Alcaldía refirida o mesmo, que a seguir se transcribe literalmente:

“Asunto: Aprobación inicial de modificación presupuestaria para hacer frente al pago de principal de sentencia judicial en procedimiento 2008/610-F:TALLERES BALSEIRO SL.

A lo largo del presente ejercicio, se han puesto de manifiesto necesidades que deben de hacerse frente a los del presente ejercicio presupuestario:

Como consecuencia del impago por el Ayuntamiento de diversas facturas, se dictó por el Juzgado de lo Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, en procedimiento ordinario 2008/610F, sentencia 409/09, condenando a pagar a TALLERES BALSEIRO SL 36.051,47 €UROS por trabajos prestados de reparación y mantenimiento de maquinaria agrícola y de jardinería de titularidad municipal. Con la actual modificación se pretende atender al pago del principal de la sentencia, quedando pendiente de una posterior modificación la consignación correspondiente a los intereses de demora. La cuantía final dependerá del momento del pago del principal de la deuda.

Para la realización de dichos fines, es necesario el incremento del presupuesto de gastos, no existiendo consignación presupuestaria en la vinculación jurídica correspondiente por los importes que se indican:

Partidas que Incrementa		
Partida	Descripción	Importe
170.213	Administración General del Medioambiente.Reparaciones maquinaria	36.051.47 €
Total		36.051,47 €

Los fondos necesarios para financiar esta operación se obtienen:

Con bajas desde las partidas que a continuación se relacionan:

Partidas que disminuyen	
Partida	Descripción
33003.22609	Gastos Diversos Festejos Populares



	36.051,47€
--	-------------------

Las señaladas partidas corresponden a proyectos de gasto que, bien no es necesaria su ejecución, bien pueden ser reducidos sus importes dado que la evolución del ejercicio y la ejecución de los proyectos y patidas nos permiten disminuir los importe sindicados sin perturbación o merma en el correspondiente servicio.

Por tanto, por la presente ordeno:

Incoar el correspondiente expediente de modificación de crédito mediante créditos extraordinario núm. 15/2011 con el siguiente desglose

Partidas que Incrementa			Partidas que disminuye	
Partida	Descripción	Importe	Partida	Descripción
170.213	Administración General del Medioambiente.Reparaciones Maquinarias	36.051,47 €	33003.22609	Gastos Diversos Festejos Populares
Total		36.051,47€	36.051,47 €	

Incorpórese el informe de la intervención municipal y todos aquellos informes que se estimen pertinentes y elévese al Pleno de la Corporación para su aprobación previo informe de la Comisión informativa correspondiente”.

Aberto o debate, non se producen intervencións e visto o informe favorable emitido pola Intervención, así como a memoria xustificativa da Alcaldía, e o dictame favorable da Comisión de Economía e Facenda de data 28.07.2011, procédese á votación e o Concello Pleno por unanimidade dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión que, de dereito a constitúen, con dezasete votos a favor acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm15/2011 correspondente ò crédito extraordinario entre partidas do presuposto de gastos, co seguinte desglose:

Partidas que Incrementa			Partidas que disminuyen	
Partida	Descripción	Importe	Partida	escripción
170.213	Administración General Medioambiente. Reparaciones maquinaria.	36.051,47 €	33003.22609	Gastos Diversos Festejos Pooulares
		36.051,47€	36.051,47€	

2º.- Someter o presente acordo ao trámite de información pública por prazo de 15 días hábiles, mediante anuncios a insertar no Tableiro Municipal e no



Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no suposto de que no devandito prazo non se presentaran reclamacións ou alegacións, o presente acordo de aprobación inicial, entenderase elevado a definitivo.

Seguidamente e antes de rematar este punto, o Alcalde desexa facer un comentario, falar dunha situación e unha advertencia ó pleno.

Polo Sr. Alcalde vense en manifestar que, na actualidade, este Concello ten, pendente de aquel período unha débeda de 1.870.000 €, sendo polo mesmo sistema e coa mesma situación que nos puntos anteriores; desta débeda, xa se pagaron uns 580.000 €uros. Continúa dicindo o Sr. Alcalde ao Pleno que como veñan mais facturas, do mesmo xeito, de obrigado cumprimento, teremos que mirar se hai que facer algún tipo de "suspensión de Pagos".

Por outra banda, tamén gañouse algún caso como o da Empresa Cal Gato, que solicitaba 137.000 €uros e como non tivo testemuñas, só percibiú 27.000 euros, xa que non houbo testemuñas que acreditaran ou dixeran que estas obras se realizaron.

Polo Sr. Concelleiro Dr. Cesar Aja Mariño, maniféstase que se abriu o debate despois da votación e que desexa intervir.

Polo Sr. Alcalde contéstase que o Sr. Aja Mariño ten que pedir a palabra á presidencia antes da intervención.

Polo Sr. Aja Mariño, asinte, e dí que é o seus desexo intervir, e ven en solicitar a palabra para, una vez concedida pola presidencia, facer mención a que xa que se nomeou a empresa Cal Gato, ven en indicar, que él non foi citado polo xulgado para ir de testemuña e recoñecer as compras de materiais suministradas ao Concello pola empresa Cal Gato, xa que de outra maneira e no caso de ser citado, acudiría de testemuña e faría o mesmo que nos anteriores casos dicindo que os traballos foron feitos. Para rematar o Sr. Cesar Aja dí que, soamente coas facturas que se deben polo Concello hoxe ás empresas de Cespa e de Belfoga, hai gastos que xa superan os catro millóns de euros de débeda.

Polo Sr. Alcalde contéstase que o Sr. Aja pode dicir o que queira, pero que xa ten pouca credibilidade no tema financeiro, e vostede Sr. Aja foi de testemuña recoñecendo suministros e gastos sin contratos e digo qué o que debe este concello sempre estará con contratos de suministros e tamén vostede fixo un plan de saneamento de sete millóns de euros e cando acabou o período do seu mandato no ano 2003, deixou ao Concello un pufo de 10.800.000 €uros.



6º.- MOCION DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA XUNTA DE CONFRARIAS DA SEMANA SANTA DE VIVEIRO PARA OS ANOS 2010 E 2011.

Polo Sr. Alcalde preséntase ó Pleno unha moción e, primeiramente dí que xa se dicía que se ía acabar coa Semana Santa, pero non só non acabamos coa Semana Santa, senon que obtivemos un acordo coa Deputación de ampliar a subvención en 40.000 €uros mais, aínda que intervención, para que se poida recibir esta subvención e maila do Concello hai que facer unha modificación no convenio para que ademais da subvención do concello poidase ter outras subvencións de outros organismos e por iso, veño en presentar a seguinte proposta de modificación do convenio xunta de Cofradías 2010.-2011, que di:

Propuesta de Alcaldía

ASUNTO: MODIFICACIÓN CONVENIO JUNTA DE COFRADÍAS 2010-2011

EXPT: PL01/11

HECHOS:

- 1) En sesión ordinaria, el Pleno de este Ayuntamiento aprobó el 25 de enero de 2010 ,entre otros puntos, un Convenio de colaboración con la Junta de Cofradías de la Semana Santa de Viveiro, cuya validez se extiende a los años 2010 y 2011.
- 2) En la cláusula primera de ese convenio se indica *“O Concello de Viveiro aportará á entidade Xunta de Cofradías de la Semana Santa de Viveiro a cantidade de 64.916,28 € para o exercicio 2010 como subvención . Esa mesma cantidade é a que se achegará para o ano 2011. A validez do convenio condicionase á existencia de crédito adecuado e suficiente.*
.....
No obstante poderase anticipar un 50% sen necesidade de xustificación previa do gasto e sen constituir ningún tipo de garantía. Isto é así, pola necesidade de afrontar gastos diversos (organización, montaxe carpa, libro, presentacións etc...) previos á celebración do evento.”
- 3) En la cláusula sexta de ese convenio se indica *“A sinatura deste convenio é incompatible coas outras subvencións municipais que lle puideran corresponder a Asociación.”*
- 4) Que el 22 de marzo de 2011 se firmó un convenio regulador de la subvención excepcional otorgada por la Excma. Diputación Provincial de Lugo y este Ayuntamiento con el objeto de colaborar en el financiamiento de los gastos derivados de los actos previstos para la celebración de la Semana Santa de Viveiro del presente año
- 5) Que en dicho Convenio la Excma. Diputación Provincial de Lugo se compromete a subvencionar la actividad mencionada con una cantidad de 40.000 €.



- 6) Que tradicionalmente es la Junta de Cofradías de la Semana Santa de Viveiro la encargada de la organización del evento, con más de 3.000 cofrades, la cual cuenta con el apoyo de este Ayuntamiento.

PRIMERO

Por todo lo anterior se propone al Pleno de este Ayuntamiento la modificación de la cláusula sexta del Convenio con la Junta de Cofradías de la Semana Santa de Viveiro, aprobado por dicho Pleno el 25 de enero de 2010 y validez hasta el 31 de diciembre de 2011, quedando redactado de la siguiente manera :

“A sinatura deste convenio é incompatible coas outras subvencións municipais que lle puideran corresponder a Asociación. Sen embargo, a cantidade referida na cláusula segunda deste convenio, poderá ser ampliada na contía que reciba este Concello por parte doutra entidade pública, para o desenvolvemento da Semana Santa de Viveiro.”

SEGUNDO.-

De conformidad con el informe de los servicios económicos municipales, excepcionar los límites porcentuales para la ejecución de gastos plurianuales del artículo 174.3 TRLHL, en relación con la subvención a la Junta de Cofradías durante el año 2011, por la cuantía necesaria en que se fije la subvención debida a dicha entidad.

TERCERO

Dar traslado del acuerdo a los Servicios de Intervención, al Técnico de los Servicios Económicos y a la Junta de Cofradías de la Semana Santa de Viveiro.

Non produciéndose intervencións, sométese o asunto a votación ordinaria co seguinte resultado,e o Concello Pleno cos votos a favor do PSdG-PSOE, P.P., BNG, e IVI, acorda por unanimidade, aprobar a moción presentada pola Alcaldía e dar traslado do presente acordo aos servizos de Intervención e Económicos ós efectos oportunos.

7º.- MOCION DA ALCALDÍA SOBRE REQUIRIMENTO Á XUNTA DE GALICIA PARA O CUMPRIMENTO DAS AXUDAS ÁS VIVENDAS DO CELEIRIÑO

Obra no expediente proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:



“Tendo en conta que a Xunta de Galicia ditou “Declaración de emerxencia das actuacións administrativas necesarias para solventar o problema de vivendas das familias afectadas no barrio de Celeiriño, no Concello de Viveiro, dado o seu estado de total deterioro e período de derrube”.

Tendo en conta que nesa declaración se indicaba entre outras cuestións que:

“En relación co resto das vivendas afectadas, un total de 21, a Consellería de Vivenda e Solo sufragará os gastos de rehabilitación das mesmas ata un máximo de 30.000 euros por vivenda a través do Programa de Cédula de Rehabilitación de Calidade que deberá ser solicitado polos propietarios. Previamente, o Concello deberá emitir un informe acreditativo de que a execución das obras de rehabilitación é a solución máis acaida para estas vivendas.

A Consellería de Vivenda e Solo promoverá as accións legais que considere oportunas ante a empresa promotora presunta causante do deterioro das vivendas e ante as empresas aseguradoras para recuperar este investimento.”

Tendo en conta que tras o cambio de goberno a Xunta de Galicia, renunciou a promover as accións legais oportunas, tal e como se comprometera no acordo anterior.

Tendo en conta que esta decisión foi comunicada ao Concello de Viveiro mediante escrito de data 16/09/2009, polo que foi necesario incluír na orde do día da sesión plenaria de data 28/09/2009, polo procedemento de urxencia, unha proposta de alcaldía ao respecto.

Tendo en conta que o prazo para exercer as accións legais fainalizaba o 02/10/2009, a pesar do cal o Concello conseguiu iniciar a reclamación xudicial en tempo e forma.

Tendo en conta que no mes de decembro de 2009, se iniciaron os traballos de desmontaxe das vivendas recollidas no proxecto de demolición sinado polo arquitecto Manuel César Vilas Ramos.

Tendo en conta que as vivendas en fase de demolición na maior parte dos casos comparten medianeiras coas edificacións colindantes, agravándose deste xeito o estado de conservación destas. Cabe sinalar que estes muros medianeiros toman parte do sistema estrutural e que, por tanto, as actuacións sobre estes poden derivar en patoloxías de distinto grado nas edificacións adxacentes.

Tendo en conta o deterioro xeralizado deferido no tempo do barrio e as deformacións que presentan no sistema estrutural enténdese necesario avaliar o estado actual das vivendas próximas ás que están en fase de demolición aos efectos de determinar a vitalidade ou non da súa recuperación.

As referidas vivendas son:

1. rúa Atalaya nº 29.
2. rúa Atalaya nº 34
3. rúa Golondrina nº 7
4. rúa Golondrina nº 9
5. rúa Golondrina nº 11
6. rúa Golondrina nº 6
7. rúa Amargura nº 7



Así mesmo, todas aquelas vivendas que se poidan ver afectadas unha vez avaliada a situación anteriormente descrita.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno do Concello de Viveiro a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Solicitar á Xunta de Galicia que ditamine o estado de conservación actual das referidas vivendas e do seu entorno a efectos de determinar as actuacións a realizar.

SEGUNDO.- Que unha vez realizado o ditame, a Xunta de Galicia actúe cos criterios establecidos na declaración de emerxencia antes referida, adoptada polo goberno autonómico anterior, en canto a financiación e adquisición de novas vivendas nos casos de ruina.

TERCEIRO.- En relación coas vivendas afectadas con posibilidade de ser rehabilitadas a Xunta de Galicia sufragará ata un máximo de 30.000 euros por vivenda, tal como se establece na Declaración de emerxencia antes referida, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, unha vez que o goberno autonómico estableza os prazos para a tramitación das subvencións.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas e máis á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

Iniciase deliberación intervindo o Sr.Alcalde, que dí que según acordo do Consello da Xunta de Galicia e tamén coa Conselleira Sr^a. Teresa Táboas, acordase que habería unha axuda de hasta 30.000 euros tomando como referencia a area de rehabilitación, pero en ningún escrito da Xunta se establecía a area de rehabilitación. Nese Consello da Xunta de Galicia tamen se asume a defensa xurídica dos afectados no barrio do Celeiriño. Nosoutros, continúa dicindo o Sr.Alcalde, tivemos reunións con todos os voceiros, coa empresa, coas aseguradoras, para falar deste problema, pero non se entende que un Director Xeral teña capacidade para modificar un acordo da Xunta. Dícese que se estaba gastando o diñeiro dos contribuintes polos alugueres do celeiriño, pero había que buscar solucións e había que facerse cargo da situación urxentemente xa que a empresa non actuaba se non hai sentenza. Agora xa hai varias sentenzas dicindo que o responsable e a empres Eiomontaxe e solidariamente a promotora, aínda que se dixo que era o Alcalde o responsable de que caera o Celeiriño,tamen estivemos fai pouco, engade o Sr.Alcalde, co tema da calle falando coa empresa que vai arranxar e meter o saneamento e tamén xa estamos para presentar a última reclamación xudicial e imos presentar a demanda xudicial a nome de todos os voceiros dos Grupos Municipais que estiveron nas reunións e que apoiaron en todo este conflito.Contempla indemnización dos gastos da xunta e indemnización dos gastos dos vecinos polos alugueres do Celeiriño que aínda estamos a aboar.Remata dicindo que, hoxe sal na prensa dicindo que non tiña seguridade xurídica o acordo do Consello da Xunta de Galicia, e eu pregunto, porqué non se inpuñou entón?...Porque sí, tiña seguridade xurídica. Por outra banda, temos que ter en conta a aquél Goberno Bipartito que estaba a Sr^a Conselleira Teresa Táboas e ata que Viveiro teña un área de rehabilitación, se fixan as



axudas en 30.000 €uros; por vivenda, e o novo Goberno da Xunta de Galicia, en base a unha nova rehabilitación sin ter en conta a aquél Gobeno Bipartito coa Conselleria Sr^a Teresa Táboas, fixa as axudas de unha nova rehabilitación por vivenda en 8.600 €uros. Entón, estaríase a pedir unha rebaixa de ata 8.600 €uros. Quero dicir que, si pedimos a subvencion a unha area de rehabilitación nova estaríamos solicitando a subvencion de 8.600 euros e non de 30.000 euros; polo que non ten nada que ver co acordo de que estamos a falar, e donde dixemos 30.000 agora diríamos 8.600 €uros.

Interven o Sr. Cesar Aja, concelleiro do Partido Popular, e dí que está de acordo co plantexamento da moción, pero o seu Grupo do Partido Popular desexa que o barrio do Celeiriño se abra ao acceso rodado para que a xenté e os vecinos teñan acceso ós servizos moitas veces de urxente necesidade como é o caso, que xa se deu, de non poder pasar unha ambulancia e tiveron que saír coa doente en camilla. Así mesmo quero facer constar que nos debates e negociacións coa Xunta de Galicia o noso Grupo municipal non participou directamente, pero temos claro e penso que está claro, que canto mais diñeiro se consiga para o barrio do celeiriño moito mellor, e nosoutros estaremos de acordo en todo.

Prosegue manifestando o Sr. Cesar Aja Mariño que cre convinte proceder á reclamación xudicial canto antes, unindo os informes dos técnicos e relación de todos os cartos gastados polo Concello nos alugueres do Celeiriño e outros, que son gastos de todos, hai que facelo canto antes por temor a que a empresa desapareza ou día suspensión de pagos.

Intervén o Sr. Bernardo José Fraga Galdo, Tenente de Alcalde polo Grupo municipal do BNG, e dí que o seu Grupo vai votar a favor da moción da Alcaldía, pero tamén dí que visita moito o Barrio do Celeiriño para ver o que se pode facer alí, e aínda ninguén daría consentimento para o realoxo, xa que hai que facer saneamento e pavimentación e bucalos cartos para as reparacións necesarias para poder rehabilitalo. Por outra banda ven en sinalar que o seu Grupo considera que todos os vecinos teñen que ter un trato igualitario como tiveron os anteriores e por iso temos que reclamar á Xunta que amose o mesmo trato para todos os afectados por igual, e dicir que si antes quedou en dar 30.000 euros por rehabilitación de vivenda e agora faise un ARI entón vamos en perxuizo de todos os veciños.

Prosegue a súa intervención para facer constar que os 30.000 euros acordados polo Consello da Xunta de Galiza cando gobernaba o Bipartito ainos que manter, fronte á proposta actual de un ARI que reduciría a 8.000 euros as axudas establecidas para rehabilitar as casas afectadas no Celeiriño. Teremos que garantilos tanto para os de antes como para os de agora.

O Sr. Guillermo Leal, do Grupo Municipal Independiente de Viveiro, quere manifestar, en primeiro lugar, que sempre estivo nas reunións cos veciños, cos



promotores das obras, coas aseguradoras, cando se adoptou o acordo en setembro do 2009, este portavoz, sinala, aínda que non estaba moi conforme coa imposición que facía a Xunta de Galicia.- dixeran que este acordo da Xunta íbanos a traer problemas.- pero lóxicamente vamos votar a favor da moción e pedimos o mellor trato posible para todos os vecinos, e en segundo lugar, quero deixar constancia do trato e a amabilidade da Conselleira Sr^a.Teresa Taboas que tivo a xentileza de vir a este Concello de Viveiro e reunirse con todos os Grupos; así como cos veciños á saída desa reunión.Quer facer constar o noso agradecemento á Sr^a. Conselleira pola deferencia que mostrou nas reunións cos vecinos e cos membros da Corporación en Viveiro.

De seguido, pásase á votación e por dezasete votos a favor dos membros dos grupos municipais, apróbase, por unanimidade, a moción da alcaldía sobre o Celeiriño.

8º.-PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A ADOPCIÓN DE ACORDO RELATIVO A RENUNCIA OU CONSENTIMENTO DA POSPOSICION DA CONDICION RESOLUTORIA PACTADA NA ESCRITURA DE COMPRAVENDA DE TERREO A ELECTROMECAÑICOS VIVEIRO (EV). A FAVOR DO CONCELLO DE VIVEIRO.

Polo Sr.Alcalde dáse conta da proposta da Alcaldía que dí:

“Cuestións que se presentan:

1.-.Cancelación da condición resolutoria que grava a finca propiedade de Electromecánicos de Viveiro SA a favor do Concello de Viveiro, ao efectuar a cesión du dúas porcións de terreo, por parte de Electromecánicos a favor de Xestur Lugo.

O Concello de Viveiro vendeu a Electromecánicos de Viveiro SA varias parcelas, en escritura outorgada ante o Notario de Viveiro D.Jorge Sánchez Carballo, o 30 de decembro de 1996, baixo o número 1182 do seu Protocolo.Na devandita escritura pactouse un prezo de 32.412.862 pesetas, que queda aprazado e será aboada antes do día 31 de decembro do ano 2026.Como garantía de pago do mencionado prezo aprazado pactouse na mesma escritura unha condición resolutoria a favor da parte vendedora.

As parcelas adquiridas por Electromecánicos de Viveiro SA foron obxecto de agrupación na mesma escritura. A finca así agrupada queda integrada dentro do ámbito do Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de Landrove-Viveiro, promovido por Xestur Lugo.



Para a integración xurídica e urbanística da devandita finca dentro do Proxecto Sectorial antes citado, resulta necesario que Electromecánicos Viveiro SA segregue dúas porcións de dita parcela e lla ceda a Xestur Lugo, cedéndolle , á súa vez, Xestur Lugo, unha porción dos terreos adquiridos or esta entidade, ao obxecto de deixar regularizada a finca de Electromecánicos de Viveiro dentro do Proxecto Sectorial.

Na escritura de cesión de Electromecánicos a Xestur Lugo, das porcións antes indicadas, é necesario que compareza o Concello de Viveiro, ao obxecto de cancelar a condición resolutoria ao seu favor sobre as porcións obxecto de cesión a Xestur Lugo, deixando subsistente a mesma sobre o resto da finca matriz, xa que de non facerse así, a condición resolutoria sobre estas porcións de terreo arrastraría rexistralmente a totalidade do parque empresarial, ao facer a agrupación das fincas de orixe.

Por esta razón, propónse ao Pleno do Concello de Viveiro a adopción do seguinte acordo:

Que o Pleno do Concello de Viveiro acorda autorizar a cancelación da condición resolutoria pactada a favor do Concello de Viveiro na escritura de venda e agrupación de parcelas efectuada polo Concello de Viveiro a favor da entidade Electromecánicos de Viveiro SA, outorgada ante o Notario de Viveiro, D. Jorge Sánchez Carballo o 30 de decembro de 1996, baixo o número 1182 do seu protocolo, que deu lugar, despois da agrupación, á finca inscrita no Rexistro de Viveiro, ao Tomo 782, Libro 306, Folio 152, Finca 31.411.0; autorizando a cancelación da devandita condición resolutoria respecto das porcións de terreo que Electromecánicos de Viveiro debe ceder a Xestión Urbanística de Lugo SA (Xestur Lugo), previa segregación das mesmas da finca antes indicada, ao obxecto de regularizar e integrar a mesma dentro do Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de Landrove-Viveiro, e cuxa descrición é a seguinte:

"a) Parcela dunha superficie de 1.051,18 m². Os seus lindeiros son: Norte, camiño pista, Santiago Milia Fernández e Rogelia Pernas Fernández (hoxe terreos propiedade de Xestur); Sur, resto finca matriz; Leste; Santiago e Dolores Milia Fernández, José Díaz Moreiras, Rogelia Pernas Fernández e Celestino Paleo López (hoxe terreos de Xestur), e Oeste, resto finca matriz.

b) Parcela dunha superficie de 2.892,64 m². Os seus lindeiros son: Norte, Santiago Milia Fernández e Rogelia Pernas Fernández (Hoxe terreos de xestur); Sur, pista Landrove Galdo; Leste, José Díaz Moreiras, Rogelia Pernas Fernández e Celestino Paleo López (hoxe terreos de Xestur), e Oeste, resto finca matriz.

A finca matriz, unha vez efectuada a segregación das dúas parcelas antes descritas, quedará cunha superficie de 9.706,04 m², conservando os



mesmos lindeiros, excepto aqueles que lindan coas fincas segregadas polos ventos norte, leste e sur”.

Así mesmo, facúltase ao Alcalde para comparecer, en nome e representación do Concello de Viveiro, na escritura pública na que Electromecánicos de Viveiro SA ceda a Xestur as porcións de terreo antes descritas, e presentar o seu consentimento para a cancelación da condición resolutoria sobreas mesmas, deixando subsistente dita condición sobre o resto da finca matriz, e consentido que dita cancelación se faga constar no Rexistro da Propiedade.

2.- Deixar o asunto sobre a Mesa de posposición da condición resolutoria a favor de entidades bancarias, ao obxecto de que Electromecánicos poida obter créditos con garantía hipotecaria sobre a súa finca.

A entidade Electromecánicos de Viveiro SA plantexa a necesidade de obter créditos con garantía hipotecaria sobre a finca antes referida. Para isto, as entidades bancarias, dado que a finca que se vai a hipotecar está gravada cunha condición resolutoria a favor do Concello de Viveiro, esixirán con toda probabilidades, que o beneficiario de dita condición (o Concello de Viveiro) consinta na posposición da condición resolutoria, a favor da entidade bancaria e cuxo favor se grave a finca con hipoteca en garantía de préstamo.

De seguido, pásase á votación dos membros dos grupos municipais, en votación ordinaria, con dezasete votos a favor, e por unanimidade dos concelleiros, PSdG-PSOE; P.P.; BNG; IVI, acorda:

PRIMEIRO.-

Autorizar a cancelación da condición resolutoria pactada a favor do Concello de Viveiro na escritura de venda e agrupación de parcelas efectuada polo Concello de Viveiro a favor da entidade Electromecánicos de Viveiro SA, outorgada ante o Notario de Viveiro, D. Jorge Sánchez Carballo o 30 de decembro de 1996, baixo o número 1182 do seu protocolo, que deu lugar, despois da agrupación, á finca inscrita no Rexistro de Viveiro, ao Tomo 782, Libro 306, Folio 152, Finca 31.411.0; autorizando a cancelación da devandita condición resolutoria respecto das porcións de terreo que Electromecánicos de Viveiro debe ceder a Xestión Urbanística de Lugo SA (Xestur Lugo), previa segregación das mesmas da finca antes indicada, ao obxecto de regularizar e integrar a mesma dentro do Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de Landrove-Viveiro, e cuxa descrición é a seguinte:

“a) Parcela dunha superficie de 1051,18 m². Os seus lindeiros son: Norte, camiño pista, Santiago Milia Fernández e Rogelia Pernas Fernández (hoxe terreos propiedade de Xestur); Sur, resto finca matriz; Leste; Santiago e



Dolores Milia Fernández, José Díaz Moreiras, Rogelia Pernas Fernández e Celestino Paleo López (hoxe terreos de Xestur), e Oeste, resto finca matriz.

b) Parcela dunha superficie de 2.892,64 m². Os seus lindeiros son: Norte, Santiago Milia Fernández e Rogelia Pernas Fernández (Hoxe terreos de xestur); Sur, pista Landrove Galdo; Leste, José Díaz Moreiras, Rogelia Pernas Fernández e Celestino Paleo López (hoxe terreos de Xestur), e Oeste, resto finca matriz.

A finca matriz, unha vez efectuada a segregación das dúas parcelas antes descritas, quedará cunha superficie de 9.706,04 m², conservando os mesmos lindeiros, excepto aqueles que lindan coas fincas segregadas polos ventos norte, leste e sur”.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde para comparecer, en nome e representación do Concello de Viveiro, na escritur pública na que Electromecánicos Viveiro, SA. Ceda a Xestur Lugo as porcións de terreo antes descritas, e prestar o seu consentimento para a cancelación da condición resolutoria sobre as mesmas, deixando subsistente dita condición sobre o resto da finca matriz, e consentindo que dita cancelación se faiga constar no Rexistro da Propiedade.

TERCEIRO. Deixar pendente sobre a Mesa o acordo de posposición da condición resolutoria a favor de entidades bancarias, ao obxecto de que Electromecánicos Viveiro, S.A. poida obter créditos con garantía hipotecaria sobre a súa finca, sendo preceptivo informe da Secretaria Municipal ou, no seu defecto, informe do Servizo de Cooperación ós municipios da Deputación de Lugo que pode requirirse conforme ó artigo 222 do TRLRHL (RDL 2/2004). Ademais de buscar as fórmulas para que a empresa pague.

9º.- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE TRES CONCELLOS, EXCEPTO LUGO, PARA REPRESENTACIÓN NO CONSELLO TERRITORIAL DO CATASTRO INMOBILIARIO.

Polo Sr. Alcalde, dase conta do escrito da Delegación de Economía e Facenda manifestando que o Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenrola o texto refundido da Lei de Catastro Inmobiliario, de conformidade co disposto no apartado 5º, ven en propoñer a designación dos Concellos de Monforte e Viveiro, un de cada partido, para a representación no Consello Territorial do Catastro Inmobiliario.

Aberta a quenda de intervencións, só se prodúce a do Voceiro do PP Sr. Cesar Aja Mariño, quen se manifesta conforme coa proposta da Alcaldía, engadindo o Concello de Trabada.



Procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezásete), acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar o voto aos Concellos de Monforte, Trabada e Viveiro para a representación no Consello Territorial do Catastro Inmobiliario.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á Xerencia Territorial do Catastro da Delegación de Economía e Facenda, así como aos Concellos de Monforte e Trabada.

10º.-MOCIONS DO CONCELLEIRO PORTAVOZ-REPRESENTANTE DO PARTIDO INDEPENDIENTES DE VIVEIRO.RELATIVAS A:

10.1.-COMPAÑIAS ELECTRICAS

O Concelleiro abaixo firmante, Guillermo Leal Arias, portavoz-representante do DO PARTIDO INDEPENDIENTES DE VIVEIRO NO CONCELLO DE VIVEIRO,

EXPÓN:

Que ao amparo do disposto no art. 35 da LEI DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN; no art. 77 da LEI REGULADORA DE BASES DE RÉXIME LOCAL, LEI 7/1985 de 2 de abril; no texto refundido das disposicións legais vigentes en materia de réxime local aprobado por R.D. 781 7 86, de 18 de abril e dos atrs. 14, 15 e 16 do reglamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais, aprobado por R.D. 2568/86, de 28 de novembro e demais normativa legal procedente e que resulte aplicable, realiza as seguintes:

MOCION

SOBRE AS COMPAÑIAS ELECTRICAS

Que tanto os veciños de Viveiro como de outros concellos, estamos a padecer, tanto o incremento das tarifas eléctricas que o Ministerio de Industria propuxo a Comisión Nacional de Enerxía, como o cobro de forma irregular de cantidades abusivas e que non cumpren a normativa vigente; xa que se veñen dando casos nos que se cobran cantidades desorbitadas, sin que por parte de consumidor poida comprobar as lecturas dos contadores para poder contrastar as cantidades consumidas.

Que este feito vense a dar dende o 01 de xulio de 2009, fecha na que se liberalizou a comercialización, polo cal podiamos contratar libremente con calquer empresa comercializadora, da cal nos pasaron relación y teléfono de contacto. Transcurridos dous anos dende ese momento, nos atopamos co abuso por parte das compañías comercializadoras, tanto no cobro indiscriminado, como nos consumos irrealistas, procedentes de lecturas estimadas, así como a tardanza no cobro dos mesmos, o que conleva ó desaxuste económico da economía familiar e das empresas.



Por outra parte estamos ante a indefensión das familias e comerciantes, cuxas demandas de aclaración non son nin siquera contestadas, tanto desde as comercializadoras, como dos organismos públicos que teñen as competencias para poder requirir as citadas compañías. Que recentemente cerrou ó público as súas oficinas, a única operadora que tiña atención ó público neste Concello.

Por todo o anteriormente exposto, o noso grupo municipal, **SOLICITA**, a aprobación por parte do Pleno Municipal do Concello, dos seguintes puntos:

- 1.- Dar traslado os distintos grupos do Congreso e Senado no Goberno Central, así como da Xunta de Galicia, para que tomen as medidas oportunas, para que as comercializadores den a atención que se merecen os cidadán tanto no cumprimento da ley, como na atención das súas queixas e reclamacións, e que lles esixan o cobro real do consumo e non consumos estimativos, e que teñan as facturas un formato único para todas, e que apliquen de oficio as ofertas que teñan.
- 2.- Que se lles esixa as empresas comercializadoras da enerxía que teñan cando menos unha oficina de atención ó público, nos concellos máis representativos, donde esteñan operando.-“

Aberta a quenda de intervencións, non se produce ningunha e o Concello Pleno, por unanimidade, dos sres. Concelleiros, asistentes á sesión que , de dereito a constitúen, con dezasete votos a favor acorda prestar aprobación á Moción defendida polo seu Voceiro, Sr.Guillermo Leal Arias do Grupo Municipal Independentes de Viveiro (IVI).

10.2.-MOCION

SOBRE REQUERIMENTO DA DIRECCION XERAL DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO PARA O PAGO DE DEUDAS DE VARIOS ANOS NAS VIVENDAS SOCIAIS DE COVAS.

Dase conta polo Voceiro do Grupo municipal IVI, Sr.Guillermo Leal, da moción que copiada literalmente di:

“Que temos coñecemento por parte de veciños da parroquia de Covas, nos que por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo, se lles notificou, requerimentos para o pago de importes equivalentes a cinco anos de cuotas , baixo a ameaza de que de non facer efectivo o importe, “DARA LUGAR A TRAMITACION DE PROCEDIMENTO DE RESOLUCION DO SEU CONTRATO, OU DE EXECUCION HIPOTECARIA, QUE PODERÁ REMATAR CO CONSEGUINTE LANZAMENTO PARA A POSTERIOR ADXUDICACION DA VIVENDA A OUTRO BENEFICIARIO”.

Que temos constancia que en algúns casos, non teñen maneira de poder pagar estas cantidades, dado que perciben pensións que rondan o salario mínimo interprofesional, e que ademais aínda que quixeran solicitar un crédito nunha entidade financeira, reciben o non por resposta, tanto pola idade que teñen en algúns casos como polos ingresos que perciben.



Por todo o anteriormente exposto, o noso grupo municipal, **SOLICITA**, a aprobación por parte do Pleno Municipal do Concello, do seguinte punto:

1.- Xestionar ante o Instituto Galego de Vivenda e Solo, a posibilidade de aplazar os pagos de maneira que os interesados poidan facerlle frente , sin que se vexan privados de ingresos que necesitan para vivir .”

Aberta a quenda de intervencións, iníciase deliberacións, explicando en primeiro lugar o Sr.Tenente de Alcalde, D.Bernardo Jose Fraga Galdo, Voceiro do BNG, I que está conforme co contido da moción presentada, pero solicita que se inclúa unha emenda- de estudar a situación económica de cada particular-, xa que os vecinos foron requiridos perante catro ou cinco anos para facer o pago e sabían que tiñan que pagar as vivendas, polo que o noso Grupo vota a favor coa inclusión da emenda para estudar a situación económica de cada caso.

Seguidamente, sométese a votación e o Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación á moción incluíndo a enmenda do Grupo municipal do BNG.

11º.-MOCIONS DO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO SOBRE:

11.1.-BARRIO DO CELEIRIÑO

SR. “César Aja Mariño, Portavoz del Grupo Municipal Popular del Ayuntamiento de Viveiro, al amparo de lo establecido en los artículos 91.4 e 97.3 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales de 1986, eleva al Pleno de la Corporación para su debate la siguiente

MOCIÓN

Después de más de tres años del derrumbe del barrio del Celeiriño y sus múltiples, costosas y penosas consecuencias, lo cierto es que la situación empeora día a día.

Los vecinos que han sido desalojados pierden toda esperanza de volver a sus casas, los que siguen viviendo en la zona se consideran burlados y engañados por el incumplimiento sistemático de las promesas del equipo del gobierno, el Ayuntamiento sigue pagando importantes cantidades de dudosa



legalidad dada la nula responsabilidad de la institución municipal en este desastre.

La situación es tan calamitosa que los vecinos no pueden acceder a los servicios más básicos, como son el butano, ambulancia, bomberos, abastecimientos básicos, es más incluso a una señora enferma ha habido que transportarla en carretilla.

Esta situación no puede ni debe de perdurar por más tiempo, por lo que el Partido Popular de Viveiro propone al Pleno de la Corporación la aprobación de la siguiente

MOCIÓN

1. Se abra de inmediato el barrio a la circulación rodada retirando escombros y reponiendo servicios básicos.
2. Se repongan los servicios de agua y electricidad a las viviendas, que le han sido suprimidos.
3. Se proceda al inmediato realojo de los propietarios y vecinos desalojados
4. Proceder inmediatamente a reclamar judicialmente a la empresa o empresas y personas responsables el resarcimiento de los daños y perjuicios, tanto al Ayuntamiento como a la Xunta de Galicia de los gastos ocasionados con motivo de la defectuosa ejecución de la obra. Previamente a su presentación ante el Juzgado correspondiente, dicha reclamación será facilitada a cada grupo para su valoración en la Comisión correspondiente.
5. Se convoque en la mayor brevedad la Comisión de Obras, al objeto de analizar todos estos extremos y establecer los plazos de ejecución de los distintos puntos."

Solucion que los vecinos piden a voces pues no pueden pasar las ambulancias.

Iniciase deliberación explicando en primeiro lugar o Sr.Alcalde que xa manifestaron no punto séptimo da Orde do día sobre a situación do barrio do Celeiriño e xa foi aceptada a moción, polo que se pensou que polo seu Grupo do P.P. ían retirar esta moción, cuxo tema xa foi debatido anteriormente, e ademais temos que esperar o dictame da Xunta de Galicia sobre a situación e antes do 2 de outubro non se pode realoxar a ninguen.



O Sr. Alcalde prosegue manifestando que diría ó Grupo Popular que hai que dar todos os pasos primeiro, que a palabra "Inmediato" tería que retirarse xa que a palabra "inmediato" contenta oídos pero non realidades,- abrir o barrio de inmediato.- realoxo, etc, o Sr. Alcalde resume dicindo que hai que marcar os tempos, hai que contar cos informes técnicos que indiquen que no realoxo a vida dos veciños non corre perigo e ata que haxa informes ao respecto non se vai asinar ningunha Orde de realoxo e tampouco abrir o barrio.

O Sr. Alcalde continúa dicindo que unha das cousas que lle agrada e que recoñeza o Grupo municipal do P.P. que o Concello non tiña que pagar alugueres de vivendas senon que este gasto corría a cargo da empresa ou promotora, pero tamen quer dicir que esta de acordo de que o Concello non tiña que facerse cargo dos gastos, pero que a empresa non paga ata que haxa unha sentenza que lle obrigue a facerse cargo dos danos do Celeiriño, e mentres tanto, tiñamos que facer fronte as necesidades veciñais e nesta moción utilízase o termo **inmediato**, cando se acaba de votar que inmediato non existe; pois temos a obriga de dar todos os pasos, xa que do contrario, corremos o risco de perder cartos e non só danos económicos senon tamen morais. Pediría o partido popular marque os tempos e tamen dicir que a xuntanza coa comisión de obras ten que esperar ata que teñamos os informes e tampouco se vai a asinar ningún realoxo de veciños carecendo de informes técnicos da seguridade veciñal.

O Sr. Aja Mariño do Grupo Popular, facendo uso da palabra, explica respecto da Moción do seu Grupo, que está de acordo en que se retire da Moción o termo "**Inmediato**" e que quede deste xeito:

- 1º).- Que se abra o Barrio do Celeiriño á circulación rodada unha vez se teñan os informes preceptivos dos técnicos e dictame da Xunta de Galicia.
- 2º).- Que se proceda ó realoxo dos veciños, previo informe dos técnicos.
- 3º).- que se convoque a Comisión de obras, previo dictame dos técnicos.

O Sr. Alcalde agradece esta matización.

Intervén seguidamente o Tenente de Alcalde, Sr. Bernardo Fraga, Portavoz do seu Grupo municipal do BNG e díxolle que se está traballando para poder abrir o barrio do Celeiriño canto antes, o problema é que a día de hoxe non hai ningún técnico que asine o realoxo dos veciños, tal e como esta hoxe en día. O Sr. Bernardo Fraga explica tamén que hai que reparar os servizos, hai que proceder á pavimentación, hai que valorar canto costa todas estas necesidades e remata dicindo, o realoxo ata que non esteñan os informes da xunta, do concello e dos técnicos de si é habitable ou non, non se vai a meter á xenté na casa, estamos todos de acordo.



Seguidamente intervén o portavoz do Grupo Municipal do IVI, Sr. Guillermo Leal, explica tamen que o seu Grupo esta de acordo en que se retire esta Moción ata que se adopte un acordo na Comisión de obras e se vexa, cos informes dos técnicos, si é posible abrir o barrio do Celeiriño, de outra maneira pode dar lugar a que o Concello incurra en responsabilidades si deixamos entrar alí, é necesario previamente unha reunión coa comisión de obras, por iso solicitamos se retire esta moción ata que haxa alguen que dictamine e tamén contar coa opinión dos técnicos na seguridade do barrio.

O Sr. Alcalde resume dicido que na Moción hai que retirar a palabra "Inmediato" e dese xeito o noso Grupo estimaría a proposta do Grupo do Partido Popular.

De seguido polo Pleno municipal, por unanimidade en votación ordinaria, acordase aprobar a moción do Partido Popular sobre a situación do Celeiriño coa enmenda de retirar de todos os puntos a palabra "Inmediato".

11.2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE O CATÁLOGO PRIORIZADO DE PRODUTOS FARMACÉUTICOS.

Polo Sr. Antonio José Bouza Rodil, Concelleiro do Grupo do Partido Popular, deféndese a moción que di:

"O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Localis presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta **MOCIÓN**, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de decembro o Parlamento de Galicia aprobaba a Lei 12/2010 de racionalización do gasto na prestación farmacéutica na nosa comunidade. O obxecto da nova norma é establecer as medidas de racionalización do uso dos medicamentos e produtos sanitarios no ámbito do Servizo Galego de Saúde mediante a implantación dun catálogo priorizado de produtos farmacéuticos.

Esta Lei consensuada coas sociedades científicas contou co respaldo parlamentario do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego e contempla, entre outros, aspectos tan fundamentais como:

- Financiación pública de todos os principios activos.
- Financiación pública de todos os fármacos que se asusten aos de prezo menor fixado no nomenclator nacional.
- Atención diferenciada e excepcional nos casos que corresponda.



A pesar de que o gasto farmacéutico é un dos principais componentes do gasto sanitario, e un dos que máis comprometen a sostenibilidade futura dos sistemas sanitarios, esta Lei foi recorrida polo Goberno Central ante o Tribunal Constitucional, o que provocou a suspensión cautelar da mesma.

O pasado 28 de xuño o Tribunal Constitucional acorda levantar a suspensión cautelar da Lei, entrando o alto tribunal en consideracións de fondo que avalan a norma aprobada polo Parlamento de Galicia.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Viveiro somete á consideración do Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno de España a retirar o recurso interposto ante o Tribunal Constitucional en contra da Lei de racionalización do gasto na prestación farmacéutica en Galicia.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno Central para que, tendo en conta a proposta aprobada no Parlamento de Galicia cos votos do PP e BNG, extenda o Catálogo priorizado no resto do Estado, co fin de garantir a sostenibilidade do Sistema Nacional de Saude.

TERCEIRO.- Divulgar, dando o Concello, como institución máis próxima á cidadanía e, concretamente, dende os centros comunitarios información sobre os medicamentos xenéricos e as súas propiedades."

Aberta a quenda de intervencións, intervén en primeiro lugar o Sr. Alcalde o Sr. Alcalde e dí que , dentro do recorte, lle parece ben o de respetar o "**Principio activo**" pero ao mesmo tempo e unha contradicción co termino xenérico", polo que nós vamonos abster. O Sr. Alcalde dí que hai que ter moito coidado porque esto da lugar a que cambien a calidade de vida das persoas e non vamos a falar xa das agullas. Temos que ter moita precaución cando o aforro vai en detrimento dunha boa calidade de vida e non digamos xa dunha boa saude, e senon, véxase o que se fixo en Cataluña que pecharon mais de vinte e cinco centros de Saude e todo iso vai en prexuízo da saude das persoas, polo que pido que moito coidado co aforro nestes asuntos cando está en xogo a saude da cidadanía.

Interven o Sr. Bernardo Fraga, Tenente de Alcalde do Grupo Municipal do BNG, dí que lle parece ben esta Moción e que votaría a favor si se inclúe unha emenda á Moción do PP sobre o Catálogo de Medicamentos, e que literalmente dí:



“O PP anunciou a presentación nos concello dunha moción sobre o Catálogo de Medicamentos, que é consecuencia da Lei 12/2010, de 22 de decembro, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica de Galiza, que o BNG ten apoiado no Parlamento galego.

En consecuencia coa posición do BNG e de acordo coas disposicións adicionais da citada lei, que afectan de xeito importante á sostibilidade do aforro que proporciona o Catálogo, incorporando criterios de racionalización na prescrición, e sobre todo no que se refire a dirixir o aforro acadado como investimento na mellora da Atención Primaria, que afecta de xeito importante á atención sanitaria á poboación en mellora ademais a eficacia do sistema sanitario público, compre a presentación dunha

EMENDA

Reclamar do Goberno galego aposta en marcha inmediata das disposicións adicionais segunda e terceira da Lei 12/2010, de 22 d decembro, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica de Galiza, que se concretan en

1.-O reinvestimento dos aforros derivados das medidas previstas na Lei 12/2010 na mellora do sistema sanitario público, especialmente na Atención Primaria.

2.-A adopción das medidas necesarias para promover a prescrición daquela alternativa terapéutica máis eficiente e segura para unha mesma afección, promovendo:

- 1.- A prescrición por principio activo.
- 2.- A elaboración de guías de práctica clínica inseridas na historia clínica electrónica.
- 3.- A ordenación funcional da visita médica.
- 4.- A información á poboación do uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.

1.-Prescrición por principio activo. Obiga ao médico ou á médica a receitar medicamentos segundo o seu composición e non pola marca comercial; e logo aos farmacéuticos ás farmacéuticas a dispensar o medicamento de menor prezo e, a igualdade de prezos, o xenérico, segundo o establece a Lei.

2.-As guías de práctica clínica

son un conxunto de “recomendacións desenvolvidas de forma sistemática para exudar a profesionais e pacientes a tomar decisións sobre a atención sanitaria máis paropiada, e a seleccionar as opcións diagnósticas ou terapéuticas mais adecuadas á hora de abordar un problema de saúde ou unha condición clínica específica”.

3.- Ordenación da visita médica. Trátase de regular de maneira restritiva a realización de visitas médicas (laboratorios) nos centros sanitarios públicos. En primeiro lugar, sométese a realización da visita médica a autorización administrativa previa; adicionalmente, limitase o número e duracións das visitas que pode facer cada laboratorio, imponse condicións adicionais á información que pode poñerse a disposición dos médicos e das médicas, e establécense as modalidades de visita que poden facerse (colectiva, por regra xeral).

O Sr. Guillermo Leal, do Grupo Municipal de Independentes de Viveiro e di que o seu Grupo pensa que neste caso hai moita confusión e según dicen os farmacéuticos, as persoas que teñen que visitar urxencias e que se lles receta os xenéricos, pero teñen a mesma composición e cambia a caixa ou a cor, da lugar a confusión para o paciente, e tamen hai variación substancial do medicamento se cambia o laboratorio, nos non estamos de acordo e vámonos



abster, porque tamén sabemos que si ti pertences os seguros privados como: Asisas ou Igualatorio, Adeslas; a estes colectivos aínda se lles receta a medicación que non entra no grupo dos xenéricos e vese que se está a fomentar con estas diferencias uns cidadans de primeira e cidadans de 2º categoría.

De seguido polo Pleno Municipal, en votación ordinaria, con nove(9) votos a favor da presente Moción; que resultan ser, seis (6) do P.P.; tres (3) do BNG e oito abstencions, que resultan ser seis (6) do PSdG PSOE e duas (2) do IVI, reunido maioría absoluta legal, acordase

1º.- aprobar a Moción do Grupo Municipal Popular sobre o Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos en todos os seus puntos.

2º- Incluir a **Emenda** do Grupo municipal do BNG que se transcribiu anteriormente no presente acordo.

13.- ROGOS E PREGUNTAS

Continúa agora o turno de intervencións facendo en primeiro lugar uso da palabra o Sr.Cesar Aja Mariño, do Grupo Municipal do PP, que di:

“César Aja Mariño, Portavoz del Grupo Popular Municipal del Ayuntamiento de Viveiro. En base al Artículo 97.7 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (R.D. 2568/1986, de 28 de noviembre), se formula siguiente pregunta:

1º.-

El PP se ha hecho eco de lo manifestado por una serie de ciudadanos que tienen deficiencias en la recepción de varias cadenas de TV, así vecinos de la calle Santiago, Granxas y Barrio de Escourido de la parroquia de Covas, Barrio de Aguadoce de la parroquia de Faro-Area, también el barrio del Chao y Lavandeiras en Celeiro, Cristo, carretera general de Landrove, se ven privados en sus hogares de la señal e imagen de TV de diversos canales como **Teledeporte, Marca TV, Nitro, Veo 7, 13 TV, Intereconomía** e incluso en ocasiones pérdida de señal en algunas cadenas más que reciben la señal de los Reemisores situados en los lugares de “A Tora” en Covas, Faro, Escourido y Landrove, cuyo titular es el Concello y, por tanto, a quien corresponda su mantenimiento.

Por todo lo antes expuesto, **ROGAMOS** se tomen las medidas necesarias para atender esta petición vecinal”.



O Sr. Alcalde contesta dicindo que recoñece que él mesmo tamén o sabe, porque tampouco ve todos os canais da TV na súa casa, pero que o Concello ten que facer o mantemento dos reemisores, pero é competencia da Xunta de Galicia levar a cabo a instalación dos reemisores e xa se lles dixo que puxeran reemisores en Covas e puxeron en Escourido pero o de Covas ten deficiencias e non se ven os canais por non ter un reemisor en condicións.

Dí asimesmo, o Sr. Alcalde que vai aceptar este Rogo, e que vai dar traslado do acordo á Xunta de Galicia para que instale un reemisor na Parroquia de Covas e o Concello fará o mantemento do servizo.

2º.-

Preguntas do Grupo Municipal de Independentes de Viveiro

Polo Concelleiro abaixo firmante, Guillermo Leal Arias, portavoz do GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO INDEPENDIENTES DE VIVEIRO (ivi), no Concello de Viveiro,

EXPÓN:

Que ao amparo do disposto no art. 35 da LEI DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN; no art. 77 da LEI REGULADORA DE BASES DE RÉXIME LOCAL, LEI 7/1985 de 2 de abril; no texto refundido das disposicións legais vigentes en materia de réxime local aprobado por R.D. 781 7 86, de 18 de abril e dos arts. 14, 15 e 16 do reglamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais, aprobado por R.D. 2568/86, de 28 de novembro e demais normativa legal procedente e que resulte aplicable, realiza as seguintes:

PREGUNTAS

1.- Por parte de varios vecinos de Celeiro, fixeromnos chegar as súas queixas polos malos olores, que desprende dun tempo a esta parte, a depuradora do Concello no cruce de Celeiro. ¿Sábase a que é debido ese problema?, ¿fíxose algunha xestión por parte do Concello coa empresa concesionaria para solucionalo?.

Resposa da Presidencia,

Polo Sr. Alcalde, dícese que se fixo unha inspección na depuradora e que xa estivo o Tenente de Alcalde de Medio Ambiente coa finalidade de corrixir o mal funcionamento da depuradora e dicen que sí que hai moitos malos olores porque está mecanizado o sistema de depuración e non da suficiente rendimento avisando para que utilicen o sistema manual mentres tanto non se adopten outras medidas de arranxo.



2.- No pleno do pasado 30 de Decembro de 2010, os Concelleiros non adscritos presentáron unha moción para o cambio de ubicación da embarcación A Pomba , para que fose trasladada a Celeiro, retirando a que se atopa fronte a piscina municipal, desguazala e poñer no seu sitio A Pomba. Dita moción foi aprobada por unanimidade. Por parte da alcaldía marcábase un prazo de 60 días para facelas actuacións e tamén buscala financiación para acometer dito proxecto. A pesar do tempo transcurrido ambálas embarcacións seguen no seu lugar. ¿fíxose algunha xestión ó respecto?, ¿Cando está previsto realizar a proposta?.

Resposta da Presidencia

Polo Sr.Alcalde, dícese que hai que facer dúas xestións; unha se está procedendo a xestionar a venta de motores e outra, seguidamente levarase a Pomba para as inmediacións da Piscina aínda que temos que contar coa excavadora polo tamaño da Pomba.

3.- O Souto da Retorta, na parroquia de Chavín ata fai poucos días estaba totalmente desatendido na súa limpeza, cheo de maleza, e cunha entrada que deixa bastante que desexar.¿A quen corresponden esas actuacións nesa zona?, ¿Poderíase adecentar a entrada para poder aparcar os vehículos?

Resposta da Presidencia,

Polo Sr.Alcalde indícase que o Souto da Retorta, a limpeza, a conservación, e competencia da Xunta de Galicia- e o Concello non se pode inmiscuir no devandito Souto, e referente ó aparcadoiro, é de carácter privado, e tivemos un acordo para levar a limpeza do aparcadoiro perante catro anos que xa remataron

4.- Dende o mes de Abril a praza de Secretario/a municipal do Concello esta vacante, ¿está previsto á curto prazo a incorporación en breve para cubrir ese importante cargo para o bo desenvolvemento do Concello?.

Resposata da Presidencia

Polo Sr.Alcalde, indícase que a sesión da constitución da Corporación foi no mes de xuño e despois quedamos de solicitar á Xunta de Galicia o nomeamento provisional dun secretario/a e ata a data os secretarios non solicitan e esperan a ter unha visión mais crara de cómo quedan os Concellos que se están a organizar.



5.- ¿En que situación se encontran as actuacións no barrio do Celeiriño?, ¿Cales van ser os seguintes pasos a seguir?.

Resposta de Presidencia

Polo Sr.Alcalde, dícese que esta pregunta xa no na vai a contestar porque neste Pleno xa se falou abondo do Celeiriño.

6.- Asi mesmo, no caso dos vecinos de Lodeiro, ¿tívose algunha resposta dende a administración para solucionar este gran problema?

Resposta da Presidencia

Polo Sr Alcalde, dícese que xa se dí por ahí que se está a prevaricar. Temos que aclarar que xa se diu licenza e xa se mandaron os informes dos técnicos a os organismos, ao promotor e a os interesados sobre o particular.

7.- Días pasados saía na prensa que por parte da Alcaldía firmárase a orden para a realización do proxecto de demolición de varias vivendas en Nicolas Cora, ¿é certo?, ¿En que situación se encontra este tema?

Resposata da Presidencia

Polo Sr.Alcalde dí que se mandou unha Orde para redactar o proxecto de demolición do edificio e foi enviado a todos os afectados, ao promotor,e tamén ao denunciante, tivemos reunión cos vecinos e se lles facilitou toda a información, teñen un prazo para recurrir e o proxecto de demolición haberá que adaptalo á modificación do PEPRI.

8.- O pasado 21 de Xuño saía no DOGA a publicación das bases para o concurso da concesión do porto deportivo de Viveiro, que nos fora arrebatado dunha forma pouco ortodoxa ós cidadanos de Viveiro .¿Vaise presentar o Concello a dito concurso para recuperar a xestión do porto?.

O Sr. Alcalde dí que non.

¿Fíxose algunha xestión o respecto?.



O Sr. Alcalde dí que non.

Continúa dicindo o Sr. Alcalde que a primeira adxudicación do uso do porto deportivo foi sin concurso, e a segunda adxudicación xa se sabía o nome antes de saír na prensa. O que sí temos que facer e pedir explicacións porque se quitoú a concesión ao Concello. Fixemos as reclamacións e non contestaron, pero xa non vamos perder o tempo e hai que fixar xa unha comisión de investigación.

9.- A zona contigua o albergue de Area, que servía de aparcamento para os vehículos foi rodeada por uns postes de madeira, e o seu remate ata lle puxeron unha cadea, que polo de agora esta aberta, ¿ten constancia o Concello deste feito?, ¿Quen foi a administración que actuou nesa zona?, ¿vaise facer algunha xestión por parte do Concello para poder habilitar e adecentar dito espacio para poñer un aparcamento?.

Resposta da Presidencia

Polo Sr. Alcalde dí que a propietaria solicitou o peche para evitar que tiraran os escombros de camións e outros, a administración que actúa e o Servizo de Costas e perante permaneza a cadea polo de agora esta aberta.

E non habendo mais asuntos de que tratar, polo Sr. Alcalde, levántase a sesión, sendo as vintetres horas do día con que se encabeza esta Acta, que se estende por cuadruplicado exemplar, do que eu, certifico.